

CONVOCATORIA E BASES REGULADORAS DO PROCESO SELECTIVO PARA A CONSTITUCIÓN DE BOLSAS DE EMPREGO PARA DOCENTES DO CMUS PROFESIONAL DE LALÍN NAS ESPECIALIDADES DE: TUBA/TROMBÓN, CLARINETE, VIOLONCELLO, FRAUTA TRAVESEIRA, TROMPA E FAGOT.

Primeira.- Obxecto da convocatoria.

A convocatoria ten por obxecto a creación dunha relación de candidatos para a súa contratación como persoal laboral temporal, nos postos de docente de música para o CMUS profesional de Lalín, nas especialidades de Tuba/trombón, Clarinete, Violoncello, Frauta Traveseira, Trompa e Fagot encadrado no Grupo II, escala administración especial subescala técnica, de acordo coa lexislación laboral vixente. A contratación producirase previa superación do proceso de selección regulado polas presentes Bases, e realizarase conforme ao disposto no artigo 15.1 do Real Decreto Legislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores e demais normas concordantes, modificado polo Real Decreto-lei 32/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo.

Segunda.- Funcións da praza e retribucións.

Desenvolveranse as funcións propias do posto vacante de docente do CMUS profesional de Lalín, entre outras:

1. IMPARTIR CLASES: Dependendo das necesidades de organización do propio centro e a lexislación aplicable, a distribución horaria será variable. Segundo a materia a impartir, as clases serán individuais ou grupais.
2. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS, SEMANAIS, FIXAS: (gardas, titorías, actividades de reforzo, etc). Dependendo da xornada laboral semanal, estableceranse as horas adicadas a ditas actividades complementarias .



3. AVALIACIÓN DO ALUMNADO: (avaliación continua, probas do alumnado, probas de autoavaliación dos docentes, etc a desenvolver ao longo do ano) Esta labor lévase a cabo segundo a Orde do 8 de febreiro de 2008, pola que se regula a avaliación e cualificación do alumnado que cursa as ensinanzas profesionais de música que se establecen na Lei orgánica 2/2006,d o 3 de maio, de educación.

4. FUNCIONS PERIÓDICAS: Asistencia a claustros; Reunións de departamento; Actividades programadas complementarias e extraescolares; asistencia a concertos, audicións, etc; Formación persoal: asistencia a cursos de verán, a clases, etc ; Programación didácticas; Memoria de departamento; Catalogación da biblioteca de aula; Consello escolar.

5. FUNCIONS ESPORÁDICAS: Participación en actividades complementarias ao centro: revista Dhais (propias do centro); Biblioteca do centro; concertos dos profesores, campamentos e cursos musicais, etc.

A persoa aspirante seleccionada percibirá as retribucións básicas do grupo II, de clasificación profesional ao que pertence o posto de docentes de violín e trompeta, así como as retribucións complementarias correspondentes.

Terceira.- Tipo de provisión e duración.

A/s persoa/s seleccionada/s será/n nomeada/s ou contratada/s unha vez rematado o proceso de selección para a cobertura da vacante cando esta se produza ou concorran os supostos previstos no artigo 15.1 do Estatuto dos Traballadores para poder proceder a súa contratación como persoal laboral temporal.

A finalización da relación contractual producirase no momento en que desaparezan as causas que xustificaron a súa contratación, e dentro, en todo caso, dos límites temporais previstos na lexislación vixente.



Cuarta.- Requisitos dos aspirantes.

1. Os aspirantes, segundo o disposto no artigo 56 do texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado polo Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, deberán reunir e acreditar os seguintes requisitos xerais para poder participar no proceso selectivo:

- Ter nacionalidade española, sen prexuízo do disposto respecto ao acceso ao emprego público dos nacionais doutros Estados no artigo 57 do texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado polo Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, e no artigo 52 da Lei 2/20215, de 29 de abril, do Emprego Público de Galicia.
- Posuír a capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas habituais do posto ao que aspira.
- Ter cumpridos os dezaseis anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.
- Non estar separado, mediante expediente disciplinario, do servizo de calquera das Administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin estar en situación de inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial. No caso de ser nacional doutro Estado, non haber sido inhabilitado, ou en situación equivalente, nin haber sido sometido a sanción disciplinaria, ou equivalente, que impida, no seu Estado, nos mesmos termos, o acceso ao emprego público.
- Non estar incurso en ningunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade, conforme á normativa vixente.
- Estar en posesión dalgunha das seguintes titulacións:

Para o persoal docente de Tuba/trombón:

- Título Superior de Tuba/trombón (LOXSE/LOE)
- Título de Profesor Superior, ou Profesor, de Tuba/Trombón (Plan 1966)
- Título Profesional de Tuba/Trombón (Plan 1942)



Para o persoal docente de Clarinete:

- Título Superior de Clarinete (LOXSE/LOE)
- Título de Profesor Superior, ou Profesor, de Clarinete (Plan 1966)
- Título Profesional de Clarinete (Plan 1942)

Para o persoal docente de Violoncello:

- Título Superior de Violoncello (LOXSE/LOE)
- Título de Profesor Superior, ou Profesor, de Violoncello (Plan 1966)
- Título Profesional de Violoncello (Plan 1942)

Para o persoal docente de Fruta Traveseira:

- Título Superior de Fruta Traveseira (LOXSE/LOE)
- Título de Profesor Superior, ou Profesor, de Fruta Traveseira (Plan 1966)
- Título Profesional de Fruta Traveseira (Plan 1942)

Para o persoal docente de Trompa:

- Título Superior de Trompa (LOXSE/LOE)
- Título de Profesor Superior, ou Profesor, de Trompa (Plan 1966)
- Título Profesional de Trompa (Plan 1942)

Para o persoal docente de Fagot:

- Título Superior de Fagot (LOXSE/LOE)
- Título de Profesor Superior, ou Profesor, de Fagot (Plan 1966)
- Título Profesional de Fagot (Plan 1942)

2. As persoas aspirantes deberán reunir os requisitos anteriores con referencia ao último día do prazo de presentación de solicitudes. Así mesmo, no momento da contestación á oferta de chamamento, as persoas aspirantes deberán dispoñer das citadas condicións e acreditarlas. O non cumprimento será motivo de exclusión do/a aspirante.



Quinta.- Sistema de selección.

A selección dos candidatos/as mais idóneos realizarase mediante procedemento público de concurso- oposición, rexendo en todo caso os principios de igualdade, mérito, capacidade e celeridade. O proceso desenvolverase nos termos detallados na base novena, e de conformidade co disposto no texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, na Lei 2/20215, de 29 de abril, do Emprego Público de Galicia e na Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e demais normas concordantes.

Sexta- Taxa por dereitos de exame:

Ademais de cumprir as condicións sinaladas na Base Cuarta, as persoas aspirantes deberán pagar unha taxa de dereitos de exame que, para o **GRUPO B/II** ven establecida en **20 €**, segundo o estipulado na Ordenanza fiscal reguladora nº 19 publicada no BOPPO nº 45, do 22 de decembro de 2023 “Ordenanza fiscal reguladora da Taxa por expedición de documentos administrativos e servizos urbanísticos”. O pagamento farase efectivo a través da **sede tributaria do Concello de Lalín** (enlace desde a páxina web do Concello de Lalín: www.lalin.gal).

Sétima.- Solicitudes.

1. Para tomar parte na selección as persoas aspirantes deberán solicitar a súa participación mediante presentación da instancia que se recolle no Anexo II destas Bases, dirixida ao Sr. Presidente do Padroado Cultural de Lalín, que deberá acompañarse dos seguintes documentos:

- Instancia de solicitude, conforme Anexo I das presentes bases.
- Declaración xurada, conforme Anexo II das presentes bases
- Fotocopia do DNI ou documento equivalente.
- Certificado acreditativo do coñecemento da lingua galega, de posuído (CELGA 4, ou equivalente).
- Documentación acreditativa de estar en posesión da titulación requirida na base cuarta, en función da praza á que se opta.
- Xustificante pagamento taxas por dereito de exame.



- Méritos alegados para a súa valoración na fase de concurso debidamente acreditados con arranxo ao baremo establecido na base NOVENA. Só serán valorados os méritos debidamente xustificados con arranxo a este baremo.

2. Nos supostos de discapacidade física ou psíquica, esta deberá acreditarse mediante a achega coa solicitude de participación no proceso de selección do certificado de discapacidade igual ou superior ao 33% expedido polo órgano competente da Administración autonómica, podendo, no seu caso, solicitar as necesidades específicas de adaptación e axuste de tempo e medios que considere oportunas para participar nas probas selectivas en condicións de igualdade. Para iso farán constar na solicitude o seu tipo de discapacidade e as posibles adaptacións que precisen para participar nas probas selectivas.

3. O prazo para a presentación de instancias será de **dez (10) días hábiles** contados desde o seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia. Se o derradeiro día fose inhábil o prazo rematará ao seguinte día hábil.

4. As instancias presentaranse no Rexistro Xeral do Concello de Lalín sito na Praza de Galicia, nº 1, 36500 Lalín, ou de xeito telemático na Sede Electrónica do Concello da Lalín (<https://lalin.sedelectronica.gal>), ou por calquera dos procedementos que prevé o artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. No caso de que se remita a documentación por correo postal ou mediante presentación no rexistro doutra Administración que careza de Sistema de Intercambio de Rexistros (SIR) aconséllaselles ás persoas aspirantes que comuniquen a presentación da instancia conforme ao modelo do Anexo II das presentes bases onde conste o selo coa data de presentación mediante un correo electrónico ao enderezo (emprego@lalin.gal) durante o mesmo prazo que o de presentación de instancias.



5. As persoas aspirantes quedan vinculadas aos datos que fagan constar na súa solicitude, aínda que os erros de feito que se puideren advertir poderán emendarse ou repararse en calquera momento, ben de oficio, ben a petición dunha parte.

Oitava.- Admisión de persoas aspirantes.

Rematado o prazo fixado para a presentación de instancias a Presidencia do Padroado Cultural de Lalín ditará resolución coa listaxe provisional de aspirantes admitidos e excluídos con expresión dos motivos da exclusión, por cada unha das prazas convocadas.

Ditas resolucións, que se publicarán no taboleiro de anuncios, na sede electrónica do Concello e na web do Concello, concederá un prazo de **5 días hábiles** para que os interesados que o consideren oportuno procedan a emendar as deficiencias ou presentar as alegacións que estimen oportunas contra as citadas listas provisionais de admitidos e excluídos. Se en dito prazo non se presentasen reclamacións contra as listas provisionais, ou non houbera ningún aspirante excluído, entenderanse como definitivas. No caso de que se presenten alegacións ou emendas contra as resolucións de aprobación das listas provisionais, procederase a ditar novas resolucións que aproben a lista definitiva, que será publicada igualmente no taboleiro de anuncios e na web municipal.

Entre a publicación da resolución na que se fixe o lugar e data de realización da primeira proba e a realización da mesma, debe mediar en todo caso un prazo mínimo de 48 horas.

Novena. Tribunal cualificador.

O tribunal cualificador axustará a súa constitución, composición e seu procedemento de actuación ao disposto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Estará constituído por un/unha presidente/a, un/unha secretario/a e tres vogais cos/as seus/súas correspondentes suplentes.



Os membros dos tribunais deberán absterse de intervir e comunicarllo ao Sr. Presidente do Padroado Cultural de Lalín cando concorran neles algunha das circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, así como cando realizen tarefas de preparación de aspirantes durante os cinco anos anteriores á publicación desta convocatoria.

Así mesmo, as persoas aspirantes poderán recusar os membros do tribunal cando concorra algunha das circunstancias antes citadas.

O tribunal, de acordo co previsto no artigo 17.1 da Lei 40/2015, poderá constituírse coa asistencia tanto presencial como a distancia, da maioría absoluta dos seus membros titulares ou suplentes.

O tribunal poderá, se o considera oportuno, valerse de especialistas sobre unha determinada materia que actuarán con voz pero sen voto e os que poderán emitir cantos informes ou ditames lles solicite o tribunal, non sendo tales informes de carácter vinculante.

Décima.- Desenvolvemento do proceso selectivo.

O proceso selectivo constará de dúas probas e un concurso de méritos: dous exercicios, obrigatorios e eliminatorios, de maneira que non poderán pasar ao seguinte exercicio os aspirantes que non acaden a cualificación mínima establecida para cada un deles e unha baremación de méritos, segundo o baremo establecido nas presentes bases.

Os exercicios practicaranse en chamamento único, sendo excluído do proceso que non compareza, calquera que sexa a causa, salvo previsión normativa específica de rango superior.

As persoas aspirantes deberán presentarse para a realización de cada exercicio co DNI ou outro documento que permita acreditar fidedignamente a súa identidade.



Primeira proba. Proba práctica, para cada unha das prazas ofertadas, consistente na interpretación dunha peza ou movemento, sen acompañante. Aínda no caso de que dita composición precise a asistencia dunha persoa acompañante, esta deberá ser interpretada sen ela.

O tempo máximo para realizar este exercicio será de 10 minutos e a puntuación máxima desta proba será de 15 puntos (60% da totalidade da puntuación do proceso selectivo). A persoa aspirante que non acade 7,5 puntos será eliminada do proceso selectivo.

Segunda proba. Coñecemento do galego. A proba consistirá na realización dunha proba escrita, sen dicionario, consistente nunha tradución do castelán ao galego dun documento relacionado co temario da convocatoria.

O tempo máximo para a realización deste exercicio será de 30 minutos e a súa valoración será de apto ou non apto.

Estarán exentos de realizar esta proba as persoas aspirantes que acrediten o coñecemento do idioma galego de acordo co previsto nas presentes bases.

Fase de concurso: Baremación de méritos.- Esta fase consistirá na valoración dos méritos curriculares, formación e experiencia profesional, aportados polas persoas candidatas, no momento da solicitude de participación no proceso selectivo, tendo en conta que só serán valorados os méritos debidamente acreditados con arranxo ao baremo que se establece nas presentes bases, cunha puntuación máxima de 10 puntos (40% da totalidade da puntuación a acadar no proceso selectivo):

- | | |
|--|-------------------|
| 1.- Requisitos específicos , imprescindibles para participar neste proceso | 0,0 puntos |
| 2.- Formación complementaria – máximo | 3,0 puntos |
| <ul style="list-style-type: none"> • Por asistencia a cursos relacionados coa materia a impartir: 0,02 puntos por curso, cun máximo de 2 puntos. • Por asistencia a outros cursos musicais: 0,01 puntos por curso cun máximo de 1 punto. | |

Non se valorarán os cursos que non especifiquen o número de horas.



2.- Experiencia Laboral – máximo**7,0 puntos**

- Por impartir clases nun Conservatorio de Música Oficial: 0,05 puntos por mes de servizos cun máximo de 4,5 puntos.
- Experiencia profesional en Escolas ou centros de música: 0,01 puntos por mes de servizos cun máximo de 2 puntos.

Só se valorará a experiencia reflectida no informe de vida laboral da TGSS, xunto con contrato de traballo ou ben xunto con certificado de empresa.

Os servizos prestados na Administración Pública, ademais de con contrato de traballo poderán acreditarse mediante a presentación de certificacións das Administracións correspondentes nas que se indique o tempo e posto de traballo desempeñado. Esta experiencia laboral deberá estar reflectida na vida laboral.

Undécima.- Cualificación do proceso selectivo e relación de aprobados.

A cualificación definitiva do proceso selectivo será o resultado da suma da puntuación acadada na primeira proba descrita na base anterior e a baremación de méritos.

Finalizado o proceso selectivo o tribunal fará pública no taboleiro de anuncios do Concello, na sede electrónica e na web municipal a relación provisional de aspirantes aprobados pola orde de puntuación obtida. En caso de empate, resolverase por unha proba práctica a decidir polo Tribunal. Transcorrido o prazo de de **5 días hábiles** para que os interesados que o consideren procedan presentar as alegacións que estimen oportunas, publicarse a relación definitiva de aprobados, por orde de puntuación obtida.

Duodécima.- Creación bolsa de emprego.

A relación de aspirantes que superaron o proceso selectivo presentárase ao Sr. Presidente do Padroado Cultural de Lalín, a fin de que proceda a aprobar a bolsa de emprego para cada unha das prazas obxecto de selección, que estará formada pola lista dos devanditos aspirantes ordenados segundo a puntuación acadada, de maior a menor, incluíndose no primeiro posto aquel que obtivera a maior puntuación.

Décimo terceira.- Chamamento e presentación de documentación.

Os que formen parte da bolsa poderán ser chamados, para a súa contratación, para cubrir o posto de traballo de docente da especialidade obxecto de selección.



Comprobada a existencia de crédito orzamentario, a Presidencia do Padroado Cultural de Lalín procederá ao chamamento sucesivo dos aspirantes integrantes da bolsa, sempre respectando a orde de lista, debendo o chamado manifestar o seu interese por escrito no prazo máximo improrrogable de **dous (2) días hábiles**, dende a notificación da oferta por parte do Padroado Cultural de Lalín. Transcorrido o cal entenderase que renuncia e pasarase ao chamamento do seguinte da lista.

A notificación practicarase exclusivamente mediante o medio de notificación que figura na instancia de participación, sen prexuízo de que se intente proceder a contactar co interesado por vía telefónica polo menos dúas veces en horas distintas, en horario de mañá, do cal quedará a debida constancia no expediente mediante informe emitido polo funcionario que realice os intentos.

No caso de manifestar, a persoa seleccionada, o seu interese, deberá presentar a seguinte documentación:

- Declaración xurada/responsable, conforme ao modelo que se recolle como Anexo II ás presentes Bases, de non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial.
- No suposto de ser nacional doutro Estado, declaración xurada ou promesa de non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente, nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida no seu Estado o acceso ó emprego público.
- Certificado de non estar inscrito no Rexistro Central de Delincuentes Sexuais.
- Certificado/Informe médico de non padecer enfermidade que inhabilite para o exercicio da función.
- Os aspirantes que fagan valer a súa condición de persoas con discapacidade deberán presentar certificado dos órganos competentes



que acredite tal condición e igualmente deberán presentar certificado dos citados órganos ou da administración sanitaria acreditativo da compatibilidade do desenvolvemento das tarefas e funcións correspondentes.

A non presentación dentro do prazo fixado da documentación esixida nesta base, agás nos casos de forza maior, ou cando do exame da mesma dedúcese que carecen dalgún dos requisitos sinalados na base 4ª, suporá que o aspirante non poderá ser contratado e quedarán anuladas as actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que houberan incorrido por falsidade na solicitude de participación. Neste caso procederá a requirirille a documentación ao aspirante que tivera quedado na seguinte posición concedéndolle idéntico prazo para que proceda a presentala.

Cando un dos aspirantes incluídos na lista fose chamado para ocupar un posto, ao rematar o período de prestación de servizos recuperará o seu lugar inicial na mesma de xeito que poderá ser chamado novamente para outra interinidade, sempre e cando o permita a normativa vixente.

A renuncia (agás nos casos que se xustifique estar en situación de baixa por IT, ou por estar traballando noutra Administración), ou a non presentación da aceptación da oferta e da documentación esixida en prazo implicará que o aspirante pasará ao derradeiro lugar da lista.

Os integrantes da bolsa poderán en calquera momento comunicar a renuncia definitiva á súa integración nesta, mediante solicitude por escrito que terá que ir dirixida ao Presidente do Padroado Cultural de Lalín.

A duración desta bolsa de emprego terá unha validez de **cinco (5) anos** contados dende a publicación do anuncio das presentes bases no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, ou, no seu defecto, ata que todos os interesados que figuren nela non manifesten interese nunha oferta de traballo concreto ou presenten a súa renuncia, ou esgotamento da mesma.

No caso de que existiran varias vacantes simultáneas que deban ser cubertas coa presente bolsa de emprego a orde de provisión realizarase pola orde que



teñan na lista, de tal xeito que ao primeiro clasificado se lle dará a escoller entre as diferentes prazas vacantes para que este elixa a que desexe cubrir e así sucesivamente pola orde que ocupasen os aspirantes na bolsa de emprego ata cubrir a totalidade de vacantes.

No suposto de que na Bolsa de Traballo non existan aspirantes dispoñibles temporalmente, ou se esgota a Bolsa, e se prevé a necesidade de cobertura de vacantes, poderase realizar unha convocatoria pública para constituír unha nova Bolsa ou ampliación da xa existente.

Décimo cuarta.- Nomeamento e toma de posesión.

Realizado o chamamento e presentada a documentación polo interesado o Sr. Presidente do Padroado Cultural de Lalín resolverá sobre a súa contratación laboral temporal.

No que respecta á formalización e extinción do contrato laboral, estarase ao disposto no lexislación laboral.

Décimo quinta.- Publicidade.

As presentes bases publicaranse integramente no taboleiro de anuncios, na Sede Electrónica (<https://lalin.sedelectronica.gal>) e na páxina web do Concello de Lalín (www.lalin.gal). Así mesmo, publicarase un anuncio das mesmas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, a partir do cal iniciarase o prazo de solicitude de participación no presente proceso selectivo.

Os resultados das probas, as convocatorias de exames, citacións e emprazamentos aos aspirantes, así coma calquera actuación do tribunal cualificador levaranse a cabo a través do taboleiro de anuncios do concello e na web municipal, medio exclusivo de notificacións aos interesados de conformidade co previsto no artigo 45.1.b) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, salvo que estas bases dispoñan expresamente o contrario. Non obstante, se o concello o estima oportuno poderá utilizar ademais outros medios de publicación ou comunicación.



Décimo sexta.- Incidencias. Normativa aplicable.

O tribunal cualificador queda facultado para resolver cantas dúbidas e incidencias poidan xurdir no desenvolvemento do proceso selectivo en todo o non previsto nas bases, así como para a interpretación das mesmas.

Non obstante o disposto no apartado anterior, en todo o non previsto nas presentes bases, estarase ao disposto na Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, no Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, na Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, no texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado polo Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, na Lei 2/2015, de 29 de abril, do Emprego Público de Galicia, no Real Decreto Legislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, R.D.-Lei 32/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo, e demais normas concordantes.

Décimo sétima.- Protección de datos.

De acordo co establecido pola normativa vixente en materia de protección de datos, ponse en coñecemento dos aspirantes que presenten a súa solicitude para participar no presente procedemento de selección de que o responsable do tratamento dos seus datos persoais é o Padroado Cultural de Lalín.

Os datos serán utilizados para a prestación do servizo solicitado e a xestión administrativa derivada de dita prestación. Non se cederán a terceiros, salvo por obriga legal.

Os aspirantes terán dereito a acceder, rectificar ou suprimir os datos erróneos, solicitar a limitación do tratamento dos seus datos así como opoñerse ou retirar o seu consentimento e solicitar a portabilidade dos mesmos en calquera momento.



Décimo oitava.- Impugnación.

Contra a resolución da Presidencia do Padroado Cultural de Lalín, pola que se aproban as presentes bases, que esgota a vía administrativa, poderase interpor un recurso contencioso-administrativo ante os xulgados do contencioso-administrativo, no prazo de dous (2) meses contados desde o día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Non obstante, as persoas interesadas poderán interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo dun mes perante o órgano que a ditou. Neste caso, non se poderá interpor o recurso contencioso-administrativo antedito mentres non se dite resolución expresa ou presunta do recurso administrativo de reposición, ao abeiro dos artigos 123 e seguintes da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

José Crespo Iglesias

Presidente do Padroado Cultural de Lalín



Anexo I. Solicitude.

Solicitude de participación no proceso de selección para formar parte da bolsa de emprego DOCENTE para o CMUS profesional de Lalín.

ESPECIALIDADE			
Datos solicitante			
Nome e apelidos		DNI/NIE	
Enderezo			
Teléfono		Correo electrónico	

EXPOÑO:

1º.- Que tendo coñecemento da convocatoria e das bases reguladoras para a constitución dunha bolsa de emprego de docente do CMUS profesional de Lalín, na especialidade

2º.- Que estou en posesión de todos e cada un dos requisitos esixidos nas bases reguladoras do proceso selectivo á data de expiración do prazo para a presentación de solicitudes e que, en caso de chamamento, acreditarei conforme o previsto nas devanditas bases.

3º.- Que achego coa presente solicitude a seguinte documentación:

- Declaración xurada segundo anexo II das presentes bases
- Fotocopia do DNI ou documento equivalente.
- Certificado acreditativo do coñecemento da lingua galega, de posuído (CELGA 4, ou equivalente).
- Documentación acreditativa da titulación esixida nas presentes bases.
- Méritos para ser valorados na fase de baremación de méritos.
- Xustificante bancario pagamento taxas por dereito de exame.
- De ser o caso, certificado de discapacidade (igual o superior ao 33%).

SOLICITO:

Que se admita esta solicitude de participación no proceso selectivo de referencia. Que (en caso de discapacidade), se realicen, na medida que sexa posible, as seguintes adaptacións no proceso de selección: _____

En _____ a ____ de _____ de _____

Asdo.:

Sr. Presidente do Padroado Cultural de Lalín



Anexo II.
Declaración responsable.

Datos solicitante			
Nome e apelidos		DNI/NIE	
Enderezo			
Teléfono		Correo electrónico	

DECLARO:

- Reunir os requisitos sinalados nas bases reguladoras do proceso de selección, que declaro coñecer.
- Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas habituais do posto, non padecer enfermidade nin estar afectado/a por ningunha limitación física ou psíquica incompatible co desempeño das correspondentes funcións.
- Non estar separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera Administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparme en situación de inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ó corpo ou escala de funcionario/a do que estivese separado/a ou inhabilitado/a. No caso de ser nacional doutro estado, non atoparme inhabilitado/a ou en situación equivalente nin ser sometido/a a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no meu Estado, nos mesmos termos o acceso ó emprego público.
- Non estar incurso/a en ningunha das causas de incompatibilidade do Persoal ao Servizo das Administracións Públicas determinadas pola lexislación vixente.

Así mesmo, **AUTORIZO** á Administración actuante para que proceda ao tratamento dos seus datos persoais para o desenvolvemento do proceso selectivo.

En _____ a ____ de _____ de _____

Asdo.:

